

**SÍMBOLOS** Bernardino Graña: "Co galego estamos como no franquismo, pero é o normal, porque o PP é o herdeiro claro da ditadura"

# "Venceremos nós"



Bernardino Graña na última edición da Cea das Letras con Cesáreo Sánchez, presidente da Asociación de Escritores en Língua Galega (AELG)


**O escritor cangués, que o sábado entra na Academia, asegura que xa case non escribe poemas**

maré · Santiago

"Estou ilusionado e bastante animado", aseguraba onte o escritor Bernardino Graña en vésperas de ler o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega (RAG), institución para a que foi elixido hai agora un ano. O acto, que terá lugar o sábado no Auditorio de Cangas do Morrazo ás oito da tarde, marcará o regreso de Bernardino Graña a Cangas, a terra na que naceu no 1932 e na que pasa os veráns des que vive en Culleredo, onde a súa muller ten praza de profesora.

O seu discurso de ingreso –ao que lle responderá en representación da RAG Ramón Lorenzo leva por título *Contos populares e Rosalía*. Nel, o autor de *Non vexo Vigo nin Cangas* fará referencia ás narracións de raíz popular que foi recollendo ao longo da vida como inspiración. A súa sorpresa foi que nesa pescada descubriu certas coincidencias "pequeñas pero importantes" con Rosalía de Castro, un dato que a el lle permite subliñar as bases populares da obra de Rosalía.

A fina que o nome de Bernardino Graña está vinculado estreitamente á poesía, nos últimos anos cultivou especialmente a narrá-



A illa de San Simón é onde se entregaran os premios Xerais

#### CITA EN SAN SIMÓN

## Os premios Xerais, o mesmo día

O discurso de ingreso de Bernardino Graña na RAG coincidirá en día e en hora –tamén na mesma mariña– coa entrega dos premios que anualmente organiza a editorial Xerais na Illa de San Simón. O xurado dos galardóns xa deu os seus finalistas: no Xerais de novela son as obras presentadas baixo os lemas *Fria e negra*, *Hovercraft* e *O avesso do avesso*. Pola súa banda, o xurado do Premio Merlin de literatura infantil sinalou como finalistas *Canis lupus*, *Celerífera*, *Cincocentros trin-*

*ta e tres* e *Sete pétalos*. Ademais destes dous premios –convocados pola editorial que dirixe Manolo Bragado–, tamén se resolve o da Fundación Caixa Galicia de Literatura Infantil. O Xerais está dotado con 25.000 euros e o Merlin con 10.000.

Para Bragado, a coincidencia co acto de Bernardino Graña é unha mágoa, "pero o noso xa o tíñamos marcado hai nove meses. Eu desde logo, sinto moito non ir". De feito, Graña editou boa parte da súa obra en Xerais.

ción, xa fose en forma de novela ou de relatos. Ten varios volumes pendentes de publicación, cun atraso que el culpa a partes iguais ás editoriais e ao seu afán de "madurecemento". De feito, retirou a última hora unha novela que fá camiño do prelo "para mellorala".

"Poesía apenas escribo", asegura, se ben mete algunos versos "ao compás do relato. En realidade, a poesía sempre está aí afinda que non publique libros de poesías".

Recoñece que entra na RAG nun momento de máximo protagonismo social pola chegada do chamado Decreto do Plurilingüismo, que a Xunta porá en marcha o próximo curso. "Estamos como sempre", engade, "como nos tempos de Franco. É o que hai cando goberna o Partido Popular (PP), que son claramente os discípulos do ditador. Seguimos nesa tesitura: loitando, que é o noso".

Nesa loita, é optimista, "venceremos nós: cae de caixón. O galego ten que seguir e con el a nación galega. Entendo por nación o lugar onde nacemos e nós nacimos así: galegos e loitadores". Con todo, puntualiza, "os loitadores tamén se fan e nese proceso, hai dous momentos clave: cando tomas conciencia de onde estás e de quen es. Nós somos galegos".

A pesar do seu delicado estado de saúde, a presenza de Bernardino Graña foi unha constante nas últimas mobilizacións e iso –subliñá– "é posible grazas á mifia muller que é a que conduce e por iso podo asistir". ■

## AUDIOVISUAL

■ Por concellos das rutas xacobearas

**Unha caravana ambulante proxectará curtas infantís**

A caravana *A Caixa dos Mítos*, un cine ambulante con capacidade para quince persoas, percorrerá trece concellos situados nas diferentes rutas xacobearas do país para proxeclar curtametraxes infantís. Os asistentes poderán elixir as películas a ver, visionados que despois serán votados polos nenos e nenas e o público maior para establecer un ránking.

Paralelamente ás proxeccións, desenvolveranse actividades como pasatemplos ou talleres de 'stop-motion'. A iniciativa, que forma parte do Xacobeo 2010, empezará o seu percorrido polas rutas do Camiño Francés hoxe no Colexio de Educación Infantil e Primaria do municipio de Samos, mentres que o xoves se achegará a CEIP Virxe da Luz de Portomarín, a Consellería de Cultura.

Os días 12 e 13 de xuño viaxará polas localidades lucenses de Sarria e Palas de Rei, onde o vehículo fará unha parada na casa da cultura e o mais no concello. Despois trasladarase ó porto de Fisterra o venres 18 de xuño, e a fin de semana a Muxía e a Camariñas. ■ REDACCIÓN

## EQUIPAMENTOS

■ Debía estar listo para o verán do 2007

**O museo de Ribeira segue sen abrir as súas portas**

O museo de Ribeira segue sen poder abrir as súas portas, á espera que se contrate o persoal. En agosto de 2007, o alcalde, José Luis Torres Colomer, visitou as obras e anunciou que se abriría a finais daquel verán.

Pero en xuño de 2008 seguía pechada á espera do equipamento. Agora é a contratación do persoal o que atrasa a súa apertura, aínda que o concurso xa está actualmente licitado. Por outra banda, toda a contorna está levantada por obras viarias. Dáse a circunstancia de que o Concello de Ribeira xa promociona este edificio aínda sen inaugurar e carente de todo contido cultural. ■ SUSO SOUTO